

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2024

Rosalía de Castro vista por Manuel Murguía

Lydia Fontoira

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

Os textos son de dimensión moi variable, así figuran desde escritos de poucas liñas ata relatos ou ensaios de ampla extensión, redactados nunha fermosa e coidada prosa. Tamén o carácter deles é diverso, así temos recensións, prólogos, discursos, ensaios, cartas, referencias en obras de longo alento. En xeral son textos en prosa pero entre eles hai algún poema (páxs. 43-44 e 259). Varios dos textos recollidos, os que levan os números 6, 24, 39, 40, 41 e 57 son inéditos, e responden ao carácter dos descritos anteriormente. Quizais o máis orixinal sexa o que leva o número 24, que é unha breve prosa para o Álbum de Heraclio Pérez Placer.

Esta ampla compilación recolle a longa relación literaria entre Murguía e Rosalía, que comeza antes de se coñeceren, cando el a recibe como autora literaria e faulle unha recensión da súa primeira obra, *La Flor*, nas páxinas de *La Iberia*, en 1857, e alóngase moitos anos máis aló da vida de Rosalía, morta en 1885, case ata a fin da vida do historiador, en 1923. Unha dedicación realmente asombrosa.

Como comprendemos coa lectura das moitas páxinas dedicadas por Murguía á súa esposa, o seu interese centrouse na obra dela, non na súa biografía, que gardou con celo, dato ben coñecido e tamén lamentado pola moita luz que podería ternos fornecido sobre a súa vida.

Ademais dos textos de Murguía, o volume incorpora dous traballos

de Victoria Álvarez que ela non contemplara incorporar e que foron introducidos en forma de “Apéndice” polo editor literario ao considerar que enriquecen e complementan a obra.

1. O “Prólogo”

O breve e aclaratorio prólogo á obra, realizado polo profesor Xesús Alonso Montero, contén todos os datos que nos poden interesar: tempo *a quo* e *ad quem* dos textos recollidos; o seu número e clasificación xenérica; a actitude de Murguía sobre a transmisión da información acerca de Rosalía nos textos en que dela fala ao longo da súa dilatada vida; destaca así mesmo que algúns datos interesantes sobre a vida da poeta non foron ben aproveitados polos investigadores durante longo tempo, e apunta ás causas desta situación rechamante. Tamén pon de manifesto o coñecemento da obra tanto rosaliana coma de Murguía por parte da compiladora dos textos, facéndonos ver a ampla produción que deixou feita non só sobre Rosalía, especialmente sobre a vida da autora, senón tamén sobre Murguía. Isto preparouna para realizar a interesante obra que hoxe estamos a comentar. Tamén nos aclara o profesor Alonso que o seu labor como responsable da edición do volume foi escaso, pois Victoria Álvarez deixou a obra preparada, en condicións de ser imprentada, mesmo con varios índices feitos, algúns dos cales coma o onomástico e o de temas infelizmente

non figuran neste volume. Acláranos o prologuista que nunca atopou entre os seus papeis o “Prólogo” mencionado no “Índice Xeral”. O máis probable é que a enfermidade que a levou lle impedira realizalo. Tamén dependen da vontade do profesor Alonso os criterios de edición, a numeración dos textos e a inclusión dos dous estudos anteriormente citados, como dixemos.

2. Os textos

É asombroso o labor compilador e de investigación de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda dos textos de Murguía relacionados con Rosalía. O grande número de textos que compoñen esta colectánea, sesenta, indica o inxente traballo de busca que supuxeron e a minuciosidade con que esta se realizou, porque parece que nada se escapou á mirada atenta de Victoria. Temos aquí á nosa cómoda disposición non só os textos máis coñecidos en que Murguía se ocupou de Rosalía, senón tamén pequenas presenzas rosalianas contidas nun par de liñas. E localizar todo iso na ampla obra de Murguía cando con frecuencia esas referencias non levan o nome de Rosalía senón que consisten simplemente nunha alusión a ela mediante unha frase atinente e mesmo, ás veces, nunha sola palabra identificativa, é un labor encomiable.

Comeza a longa e intensa relación literaria de Murguía e Rosalía, como vimos, en 1857, cando el escribe a coñecida recepción a Rosalía no mundo literario facendo a recensión de *La Flor*.

El declara que non a coñece pero quere axudar a quen comeza e augúralle un lugar destacado na literatura patria se antes estuda e traballa para conseguilo.

O máis amplo dos textos e posiblemente o máis significativo pola defensa da persoa e da obra de Rosalía fronte a outra personalidade literaria galega, Emilia Pardo Bazán, é “Cuentas ajustadas, medio cobradas”, publicado en varios números de *La Voz de Galicia* en 1896. É, desde logo, un longo axuste de contas con Dona Emilia, que ao longo do tempo manifestara desacordos coa obra de Rosalía. A autora coruñesa finalmente organizou un acto póstumo que debería ser para gloria de Rosalía pero que só serviu para empequenece-la. A raíz deste acto Murguía escribe este longo texto no que pon de manifesto toda esa longa historia de malquerenza contra Rosalía, contra el mesmo e contra a creación literaria en galego. Desmonta as ideas de dona Emilia. Exerce a súa crítica sobre a obra da condesa, a quen cualifica de plaxiaria, *plagiófila* gústalle a el dicir. E, como claro contraste, preséntanos a obra de Rosalía, transcendente e persoal.

Outros textos de longa extensión ben coñecidos son os contidos en *Los Precursores*, “Rosalía Castro” e “Ignotus”, 1885. O primeiro é unha longa semblanza da poeta escrita cando ela estaba xa moi enferma. Comeza lembrando o pasado señorial da familia de Rosalía pero despois, cando esperamos que siga mostrándonos

o curso da súa vida, non nos conta grande cousa porque *la mujer debe ser sin hechos y sin biografía*. Murguía vai ensarillando datos e ideas sumamente interesantes sobre a poesía rosaliana, e polo medio dános algún detalle, como o *enérgico carácter* da autora. Tamén analiza a prosa, e sempre coa agudeza que caracteriza ao historiador. Por exemplo, de *El primer loco* di: *Más que un cuento, es un estudio psicológico, en que, a la manera en que empieza ahora a entenderse que deben ser escritas las novelas, se describe un estado del alma y se estudia una pasión*.

O segundo texto publicado en *Los Precursores* relacionado con Rosalía é , como xa citamos, “Ignotus/A.R.C.”. Este texto aparece antes nesta compilación co número 2 baixo o título de “Un artista/A.R.C.”, recollido do *Álbum del Miño*, Vigo, 1858. En nota á segunda versión do texto, que leva o número 22, Victoria Álvarez salienta que entre ambas hai notables diferenzas. Aínda que non se cita o seu nome, no texto recóllese unha lembranza da mocidade de Rosalía do coñecido como “ano da fame”, 1853, cando ela residía en Santiago. Ignotus é un neno artista, músico innato, que baixa da montaña á cidade para tentar non morrer de fame. Un dos aspectos máis interesantes do texto é o contraste da dureza da vida do artista coa delicadeza da súa capacidade musical, e tamén o contraste da vida da sociedade ben situada coa das clases desamparadas. Non podo deixar de indicar que este coñecido texto tamén

me lembra un intenso poema de *Follas Novas* “Tempra un neno no húmido pórtico” que ten como protagonista a un neno morto de fame e aterecido de frío. Pero deste neno non se indica que sexa un artista, e se Murguía recolle a Ignotus nos *Precursores* é precisamente polo seu carácter de músico.

Nesta colección de textos hai outros que se relacionan coa música, como os que levan os números 48 e 59 nos que se fala da “Alborada” de Veiga, e onde indica que esta coñecida peza non é deste autor e que Rosalía lle puxo letra a petición súa.

Outra das Belas Artes da que se ocupa Murguía é a pintura. Nun curioso texto bastante longo publicado en *La Ilustración Gallega y Asturiana* en 1879 encontramos unha evocación do pintor Genaro Pérez Villaamil mediante un diálogo entre Rosalía e Murguía. O xuízo sobre este artista non é positivo. Non se especifica que o diálogo se desenvolva entre o matrimonio, pero danse datos para esa interpretación. Interésanse pola problemática da pintura artística en Galicia e no por que de Galicia carecer de pintores.

Tamén un texto amplo é o que leva o número 35, que é un conxunto de 27 fragmentos do libro titulado *En prosa*, 1895. Murguía expresa neles a súa dor pola perda de Rosalía, a súa devoción por ela, tan presente sempre. Varias destas prosas constitúen un retrato moi breve físico e moral de Rosalía, e algunhas conteñen frases mesmo

apaixonadas: *ella vendría... y me diría: ... toma mi alma, toma mi beso, tómame toda entera. Ou ben jamás, en fin, fue llorada mujer alguna como yo he llorado a la que tanto llenó mi vida.*

De 1909 é o prólogo ás *Obras Completas* de Rosalía. Neste longo texto, entre outros datos Murguía especifica como data de nacemento da poeta unha data errónea, o 21 de febreiro. Seguro un lapsus ou unha errata pois el xa no seu *Diccionario de escritores gallegos*, 1862, na voz “Castro de Murguía (D^a Rosalía)” dera a data exacta do 23 de febreiro de 1837. Tamén destacamos o relato da viaxe de Rosalía a Carril antes de morrer pois quería ver o mar. Salientamos así mesmo a noticia que nos transmite sobre a chegada á casa da Matanza, o mesmo día da morte da autora, dun artigo publicado en *La Rassegna Nazionale* de Florencia sobre *En las orillas del Sar*.

“De la importante influencia que en su tiempo tuvo en Galicia la obra literaria de Rosalía de Castro” publicouse en varios números de *La Temporada en Mondariz*, en 1917. Nel Murguía vai seguindo a obra poética de Rosalía e a súa impronta na sociedade do seu tempo: *Cantares*, *Follas* e, finalmente, o recoñecemento póstumo de *Orillas* polas xeracións posteriores. Foi escrito como reacción ao expresado por Augusto González Besada na súa obra *Rosalía Castro. Notas biográficas*, 1916, na que afirmaba que Rosalía non tivera

difusión no seu momento, salvo os *Cantares gallegos*.

Ademais dos mencionados textos de longa extensión, Victoria Álvarez recolle grande cantidade de escritos máis breves, algúns de apenas un par de liñas, que van aparecendo ao longo de toda a vida do polígrafo, e que nos falan do labor intenso da compiladora. Son textos de carácter diverso. Cartas particulares nas que se cita ou se fala de Rosalía, en número de dezaseis, nas que se conteñen interesantes datos. Mesmo na que leva o número 12 indícasenos que o texto é de Rosalía aínda que a letra de Murguía. É unha autodefensa polas *palabras depresivas* que se lle dirixiron na prensa, pero parece que nunca viu a luz. Hai referencias a Rosalía en oito artigos de tema variado, en catro discursos, catro prólogos de libros, nunha recensión, en catro dedicatorias de libros, citas diversas dela en tres libros. Tamén un par de notas manuscritas e outros cinco textos de variado carácter. Pero debemos decatarnos de que non hai textos menores. Todos serven, conteñen datos e ideas interesantes, corroboran ou non feitos e datas... De entre todo este grande número de escritos, dos que só se nos transmite a parte correspondente á referencia a Rosalía, quero destacar os números 3 e 41 por seren textos poéticos, o primeiro está integrado por fragmentos dun poema e o segundo é un soneto. O resto dos textos son en prosa. Tamén me parece digna de salientar a breve parte

transcrita do importante discurso de Murguía nos Xogos Florais de Galicia, Tui 1891, por ser o único texto desta ampla colectánea escrito en galego. Así mesmo debe ter unha consideración especial o que leva o número 47 pois en realidade forma parte dunha entrevista realizada por Wenceslao Fernández Flórez a Manuel Murguía, publicada en *El Noroeste* de A Coruña en 1913. E, finalmente, o derradeiro texto recollido no volume, que é unha nota manuscrita de Murguía publicada por Naya na que o historiador nos relata que sentindo cerca a súa morte, volveu ler e rompeu as cartas de Rosalía *como cosas inútiles y que a nadie importan*.

Ao longo de todas estas páxinas Murguía reitera o amor que sentía por Rosalía, e ás veces lembra o amor mutuo que se tiñan. Pero ao final da súa vida rompeu, sen sentir dor, como nos di, as súas cartas. Esta acción quizais foi unha expresión dun profundo sentimento persoal para manter esa relación na intimidade máis exclusiva. Porén, el gardou todas as súas cartas e papeis, ata a máis pequena nota, como vemos.

3. O “Apéndice”

O editor literario deste atractivo libro inclúe a modo de anexo dous textos da autoría de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda que se relacionan coa temática compilada e que sen dúbida son un complemento interesante para o lector. Ambos os textos xa se publicaron hai un tempo, pero resulta cómodo telos

á man aquí, ao pé dos escritos cos que se relacionan. Teñen como centro a interesante figura do pontevedrés Víctor Said Armesto e a súa relación con Murguía e Rosalía. E tamén a de Augusto González Besada, que dedicou á poeta o seu discurso de ingreso na Real Academia Española e publicou pouco despois unha biografía da autora, en 1916.

No primeiro dos textos, o profesor Alonso Montero ofrécenos unha selección do longo, erudito e ben redactado ensaio publicado na *Revista de Estudos Rosalíanos*, 4, 2011, publicación antecesora desta na que publicamos estas liñas. O estudo titúlase “Víctor Said Armesto, Rosalía de Castro e Manuel Murguía. (Con Augusto González Besada ao fondo)”. Nas partes seleccionadas para esta ocasión, entre outras interesantes análises Victoria exponnos como Murguía, que dirixía rixidamente todo o relacionado coa súa esposa, evolucionou ata comprender que non podería controlar o futuro, e que os lectores necesitaban saber datos acerca da autora que admiraban. Aínda que, na práctica, ben pouco abriu a man.

O segundo apéndice transmítesenos completo, “Víctor Said Armesto e Rosalía de Castro”. Segundo nos indica Alonso Montero foi inicialmente unha conferencia pronunciada en 2014 que se publicou no número 223 da revista *Grial*, Vigo, 2019. Nel recóllese o tema tratado no traballo anterior, pero agora

Victoria expresa con maior claridade o seu convencemento de que o verdadeiro autor da primeira biografía de Rosalía, a publicada por Augusto González Besada, foi en realidade Víctor Said Armesto.

Así chegamos ao remate desta interesante obra na que interviron tres destacadas personalidades da nosa cultura, Manuel Murguía, Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda e Xesús Alonso Montero. Os tres colaboraron en pór de manifesto a importancia da obra de Rosalía, cada un realizando un labor: autor, compiladora e editor. A colectánea resulta atractiva e é importante para o coñecemento destas figuras centrais da nosa cultura. Agradecemos ao profesor don Xesús Alonso Montero o seu interese e esforzo en publicala para que o labor da súa compañeira –morta tamén demasiado cedo- non fiquen inéditos, e a sociedade poida gozar e beneficiarse coa súa lectura.

Publicamos este noveno número de *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello da Coruña



Concello da Coruña



CASA DE ROSALÍA

A Matanza
15917 Padrón
+34 981 811 204

www.rosalia.gal

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO